

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Condicións de desfrute do crédito sindical recoñecido legalmente á representación das empregadas e empregados públicos do Concello de Cee. Expediente nº 2024/X999/000176

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONDICIÓNS DE DESFRUTE DO CRÉDITO SINDICAL RECOÑECIDO LEGALMENTE Á REPRESENTACIÓN DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CEE. EXPEDIENTE Nº 2024/X999/000176.

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000696

ANTECEDENTES:

Considerando o informe xurídico emitido o 18 de xullo de 2024, por D. Carlos Aymerich Cano, que obra no expediente de referencia relativo o desfrute do crédito sindical, que literalmente se transcribe:

“PARECER XURÍDICO SOBRE A REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE DESFRUTE DO CRÉDITO SINDICAL RECOÑECIDO LEGALMENTE Á REPRESENTACIÓN DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CEE

Carlos Aymerich Cano

Universidade da Coruña

Pola Alcaldía do Concello de Cee solicítase parecer xurídico acerca da regulación das condicións de desfrute do crédito sindical recoñecido no artigo 37.3.e) do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (para o persoal laboral) e dos artigos 41 TREBEP e 158.1.d) LEPG (para o persoal funcionario).

A tal efecto, fórmulanse as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1. Como manifestación do dereito fundamental á liberdade sindical, recoñecido no artigo 28 CE, e do dereito á negociación colectiva, recoñecido no artigo 37 CE, a lexislación laboral e de emprego público recoñece aos representantes sindicais das empregadas e empregados públicos o dereito a gozaren, nos termos recoñecidos legal ou convencionalmente, dun “crédito de horas mensais dentro da xornada de traballo e retribuídas como de traballo efectivo” (artigo 41 TREBEP).

2. O goce deste denominado crédito sindical debe ser, tal e como establece de forma expresa o artigo 37.3 TRET, obxecto de “previo aviso e xustificación” xa que, tal e como ten declarado a xurisprudencia, o tal permiso non é un privilexio recoñecido aos representantes sindicais senón un dereito funcional dirixido a permitir, tal e como dispón o artigo 11 da Lei 9/1987, o “exercicio das súas funcións de representación” (neste sentido, a Sentenza nº 74/2005, do 11 de novembro, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Canarias).

3. O vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Cee (publicado no DOG nº 208, do 28 de outubro de 2002, a través da Resolución da Delegación Provincial da Coruña da Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais do 21 de agosto de 2002) dispón, no seu artigo 23 que

“Os membros do comité ou delegados do persoal dispoñerán de **20 horas** de libre disposición para cada un deles debéndose comunicar o seu uso ao xefe de persoal, xa sexa con carácter previo para aquelas que estean previstas con anterioridade ou xa sexa con posterioridade á súa utilización para as demais”.

Debe interpretarse que ese crédito ten carácter mensual, por analogía co previsto no artigo 68.e) TRET, para o persoal laboral, que establece que os membros do comité de empresa e os delegados de persoal, disporán dun crédito de horas mensais retribuídas de 15 horas (até 100 traballadores) ou de 20 (entre 101 e 250 traballadores).

No mesmo sentido se pronuncian tamén os xa citados artigos 41 TREBEP e 11 da Lei 9/1987, alén do previsto tamén, para a Administración Xeral do Estado (aplicábel supletoriamente ás Administracións locais, de acordo co artigo 142 TRRL), na Resolución de 22 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral de Función Pública, pola que se aproba e publica o Acordo das Mesas Xerais de Negociación da Administración Xeral do Estado de 16 de decembro de 2020, polo que se modifica o Acordo de 30 de maio de 2017, sobre asignación de recursos e racionalización das estruturas de negociación e participación.

4. Á vista da configuración legal deste dereito das representantes das empregadas e empregados públicos a gozaren, previo aviso e xustificación, dun crédito mensual de horas para a realización das súas funcións de representación dentro do horario de traballo, os órganos competentes das diferentes Administracións poden regular as condicións de exercicio do dereito fixando, por exemplo, a necesidade dun aviso dunha xustificación previa da actividade de representación que vai ser realizada durante o permiso.

5. De acordo co disposto na alínea primeira letra h) do artigo 37 TREBEP (consonte a cal deben ser obxecto de negociación “as propostas sobre dereitos sindicais e de participación”), a proposta de regulación das condicións de goce do crédito sindical debe obxecto de negociación no ámbito respectivo, isto é, no comité de empresa no caso do persoal laboral e na xunta de persoal no caso do persoal funcionario. Por máis que este artigo 37 TREBEP é de aplicación ao conxunto dos empregados e empregadas públicas, o artigo 64 TRET, para o ámbito estritamente laboral, conduce a idéntica conclusión.

6. Esta conclusión foi confirmada recentemente pola Sala 6º do Tribunal Supremo tense pronunciado nese mesmo sentido a través da Sentenza 289/2024, do 14 de febreiro de 2024, desestimando un recurso de casación para unificación de doutrina e confirmando unha sentenza anterior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que considerara conforme a dereito a existencia, por parte da empresa demandada, de que a partir dunha data determinada os representantes dos traballadores debesen comunicar con unha antecedencia mínima de 48 horas o goce do crédito horario e a xustificación do mesmo. Con efecto, segundo o Tribunal Supremo,

“En base a ello, la sentencia [refírese á sentenza do TSXG] desestima el recurso de la trabajadora por cuanto la conducta de la empresa de exigir a partir del 15 de octubre de 2019 que los representantes de los trabajadores, y no sólo la actora, comuniquen con antelación de 48 horas, el disfrute de su crédito horario, y justificación del mismo, en principio no constituye vulneración del derecho a la libertad sindical, pues se adapta a lo previsto en el artículo 37.3 del ET que exige previo aviso y justificación de los mismos, por lo que los descuentos efectuados por la demandada al no haber la actora el disfrute de tales horas, de manera genérica, y no haya acreditado que por circunstancias excepcionales, no era posible el preaviso con 48 horas, son ajustados derecho y no supone vulneración del derecho a la libertad sindical, pues el hecho de que antes del mes de octubre de 2019, la empresa no solicitara justificación, no implica que desde esos meses en adelante, no pueda hacerlo”.

7. En caso de ausencia de comunicación ou xustificación, o Tribunal Supremo avala que a empresa poida proceder a deducir directamente da nómina os haberes correspondentes ás ausencias non comunicadas e/ou xustificadas. Para o caso dos empregados e empregadas públicas municipais, sexa cal for a natureza do seu vínculo (laboral ou funcional), esta dedución de haberes vén expresamente prevista no artigo 30.1 TREBEP, consonte o cal,

“sen prexuízo da sanción disciplinar que puidese corresponder, a parte de xornada non realizada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador”.

A alínea 12.2 da Resolución de 28 de febreiro da Secretaría de Estado de Función Pública pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo (aplicábel ao persoal ao servizo das Administracións locais de conformidade co disposto no artigo 94 LBRL), prevé o procedemento para esta dedución proporcional de haberes deberá iniciarse dentro dos tres meses seguintes á ausencia.

O cálculo da dedución deberá realizarse de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 31/1991, de 30 decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1992 (modificado polo artigo 102.2 da Lei 13/1996, do 30 de decembro), a teor do cal,

“Para o cálculo do valor hora aplicábel nesa dedución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensais que perciba o funcionario dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña obriga de cumprir, de media, cada día”.

En calquera caso, antes da resolución deberá darse audiencia ao ou á representante interesada.

CONCLUSIÓNS

1. A Alcaldía do Concello de Cee, en exercicio da competencia de xefatura do persoal municipal que lle recoñece o artigo 21.1.h) LBRL, pode exixir que o goce do crédito sindical por parte dos representantes dos empregados públicos municipais se supedite á previa comunicación e xustificación da actividade a desenvolver.

2. Só servirá como xustificación válida as actividades de representación desenvolvidas dentro a xornada laboral da persoa representante.

3. En caso de ausencia ou insuficiencia da comunicación ou da xustificación debe procederse á dedución proporcional de haberes prevista no artigo 30.1 TREBEP.

Este é a miña opinión que someto a calquera outra mellor fundada en Dereito

A Coruña, na data da sinatura dixital.”

Vista a acta de Mesa Xeral Negociadora da sesión celebrada o 30 de xullo de 2024, na cal consta negociación positiva en relación o asunto de referencia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Regular/establecer as seguintes condicións do goce do crédito sindical e supeditalo a:

- Comunicar a Alcaldía con unha antecedencia mínima de 48 horas o goce do crédito horario.
- Xustificación da actividade a desenvolver
- Só servirá como xustificación válida as actividades de representación desenvolvidas dentro da xornada laboral da persoa representante.
- En caso de ausencia de comunicación ou xustificación procederase á dedución directamente da nómina dos haberes correspondentes ás ausencias non comunicadas e/ou xustificadas.
- O procedemento para a dedución proporcional de haberes deberá iniciarse dentro dos tres meses seguintes á ausencia, previa audiencia ao ou á representante interesada antes da resolución dedutiva.
- Para o cálculo do valor hora aplicábel nesa dedución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que teña obrigaón de cumprir, de media, cada día.

SEGUNDO.- A entrada en vigor será o día seguinte de decretar as condicións indicadas, e notificadas os/as interesados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 30 de xullo de 2024.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]

2024/5462